

Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
DIRECTOR TERRITORIAL DE A CORUÑA, (Sección Minas)

ASUNTO: requirimento de emenda da solicitude de recoñecemento da condición de persoa interesada no procedemento, actualmente en trámite nesta Administración, relativo ao Proxecto Cobre San Rafael que pretende implantarse nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra) promovido pola sociedade Cobre San Rafael SL.

D/Dª.....
maior de idade, actuando en nome propio, con DNI....., e domicilio a efectos de notificación en,
recibiu o requirimento de emenda antes sinalado, e **fai constar:**

1. Que, segundo dispoñen os puntos 1.b e 1.c do **artigo 4 da Lei 39/2015**, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **considéranse persoas interesadas no procedemento administrativo as que, sen inicialo, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que no mesmo se adopte (1b), así como aquelas cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e comparezan no procedemento en tanto non recaese resolución definitiva (1c).** No meu caso concorren as circunstancias que a continuación sinalo

- ☐ Son propietario de bens situados nas inmediacións do proxecto mineiro a ceo aberto, concretamente aqueles que teñen por referencia catastral
- ☐ Son residente nunha vivenda situada nas inmediacións do proxecto mineiro, circunstancia que autorizo a verificar a esta Administración a efectos de non ter que achegar documentos acreditativos de residencia.
- ☐ Desenvolvo unha actividade económica vencellada ao sector primario/sector servizos con código de explotación/NIF..... situada no concello de, cuxa viabilidade se vería comprometida de producirse unha afectación aos ecosistemas ambientais actuais.

2. Que **son dereitos fundamentais recollidos pola Constitución Española, o dereito a desfrutar dun medio ambiente adecuado para a saúde das persoas** (art. 45.1 da CE) ou o **dereito á protección da saúde** das persoas (art. 43.1 da CE), así como o **dereito á vida e á integridade física e moral** (art. 15 da CE). Na mesma dirección apuntan os artigos 1 e 2.5 do Convenio de Aarhus, ratificado por España, ou o artigo 27 da Directiva 2010/75 de emisións industriais

3. Que, como queda patente na documentación presentada polos promotores do proxecto, **as afeccións dun proxecto mineiro a ceo aberto non se circunscriben exclusivamente ao perímetro afectado**, senón que o ruído e vibracións das voaduras diarias, as toneladas de pó e partículas contaminantes que se emitirán a atmosfera, as miles de toneladas de CO₂ que se enviarán a atmosfera, as verteduras de augas industriais ao sistema hídrico da zona que remata na bacía do Ulla, etc.... afectarán a veciñanza moito máis aló da contorna do proxecto mineiro. Isto xera tanto perda de valor nas propiedades¹ como perda de calidade de vida e afeccións á saúde á veciñanza, que xa se puxeron de manifesto durante o período de alegacións. E iso sen mencionar a ocorrencia dun accidente como a rotura dunha das enormes balsas de lodos que poría en risco incluso bens e vidas humanas a quilómetros.

¹ <https://www.lne.es/economia/2013/11/18/gijon-cuencas-encabezan-ano-caida-20531248.html>

4. Que, **da mesma maneira que as afeccións do proxecto mineiro a ceo aberto van máis alá do perímetro exclusivamente afectado polo mesmo, as persoas que se consideren interesadas tampouco poden cingirse en exclusiva a aquelas que posúan bens directamente incluídos afectados.** Todo o anterior concede un interese lexítimo, ben sexa como veciñas e veciños, confirmado en diferentes sentenzas como a do Tribunal Supremo (STS de 18 de outubro de 2016 -RCA 2440/2013-) ou o TSXG en sentenza de 21/01/2022 (rec. 7196/2020), ben como propietarios cuxos bens resultarán negativamente afectados. Iso sen mencionar a merma na calidade de vida e as afeccións á saúde que xa se puxeron de manifesto durante o período de alegacións.

5. Que, segundo o artigo 53 da dita Lei 39/2015, os interesados nun procedemento administrativo teñen, entre outros dereitos, o de coñecer en calquera momento o estado da tramitación, acceder e obter copia dos documentos contidos nel, utilizar os medios de defensa admitidos polo Ordenamento Xurídico, ou achegar documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de audiencia. Incluso obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que a lexislación vixente impón aos proxectos e actuacións que se pretenden levar a cabo.

Por todo o anterior,

SOLICITO que por parte desa administración se me recoñeza a condición de persoa interesada e se me teña por persoada no procedemento administrativo arriba indicado, a fin de poder exercer os dereitos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Enade.....de 2025

Asinado